



Guía Docente			
Datos Identificativos			2022/23
Asignatura (*)	As tecnoloxías da información e comunicación nas artes plásticas e visuais	Código	652611B12
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria
Idioma	CastelánGalego		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación		
Coordinación	Macho Eiras, Javier	Correo electrónico	javier.macho@udc.es
Profesorado	Macho Eiras, Javier	Correo electrónico	javier.macho@udc.es
Web	<a href="http://arte-facto.org/">http://arte-facto.org/</a>		
Descripción xeral	Neste módulo preséntase unha visión xeral do que supón o emprego das Tecnoloxías da Información e Comunicación na práctica educativa, achegándose ó seu uso e mellor aproveitamento na aula así como ás implicacións identitarias vinculadas ó alumnado, traballando dende a óptica das ensinanzas en artes plásticas e visuais.		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Xestionar fontes de información baseadas en novos medios tecnolóxicos. Crear, editar e compartir material de apoio educativo mediante novas tecnoloxías.	AP4		CM3
Coñecer as novas tecnoloxías da información e as comunicacións e o seu uso diario no ensino das artes plásticas e visuais.	AP2		
Desenvolver actividades de aula co uso de novas tecnoloxías, controlando procesos e obtendo resultados verificables.	AP5 AP6 AP8		CM3
Coñecer contextos e situacíons en que se utilizan ou aplican os diversos contidos curriculares.	AP4		CM3
Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.	AP9		CM3
Coñecer e aplicar propostas didácticas innovadoras no campo da especialización.	AP11		
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver os problemas que deben enfrentar.	AP5		CM6
Valorar a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Tecnoloxías da Información e da Comunicación na práctica educativa.	
2. Sensibilidade, estética e prácticas actuáis na didáctica das artes visuais na contemporaneidade.	
3. Estratexias de ensinanza-aprendizaxe para o desenvolvemento de procesos artísticos vinculas ás TICS no contexto da Educación Secundaria.	
4. Recursos, ferramentas e o espazo aberto na rede.	



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A5 A6 C3	2	6	8
Aprendizaxe colaborativa	A4 A5 A8 A9 C6 C8	8	10	18
Obradoiro	A2 A5 C3 C6 C8	7	22	29
Discusión dirixida	A11	1	1	2
Presentación oral	A2 A5 A8 C8	3	3	6
Atención personalizada		12	0	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	Análise de plataformas de comunicación que comparten recursos e materiais.
Aprendizaxe colaborativa	Elaboración de entornos de comunicación e colaboración
Obradoiro	Elaboración de estratexias de comunicación. Adecuación aos destinos establecidos.
Discusión dirixida	Tratar os temas en colaboración e discusión común.
Presentación oral	Defensa e debate sobre o traballo desenvolvido.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Obradoiro	Trato directo con cada alumno sobre as propostas particulares. Busca da dirección correcta.
Estudo de casos	Traballo colaborativo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A4 A5 A8 A9 C6 C8	Capacidade de traballar en conxunto obtendo resultados axeitados aos fines propostos.	30
Obradoiro	A2 A5 C3 C6 C8	Investigación, experimentación e desenvolvemento de ferramentas propias.	50
Estudo de casos	A5 A6 C3	Valoración da análise dos contios alleos.	20

Observacións avaliación



A asistencia a clase resulta necesaria, dado que os procesos viviranse na propia aula e esixirse a participación activa e crítica do alumnado dentro da mesma.

Na avaliación terase moi en conta o grado de implicación do alumnado, de experimentación, de autoexisencia, de satisfacción persoal así como a capacidade de síntese e reflexiva do estudiante ao longo da asignatura; así como o grado de innovación e implicación no desenvolvemento do proxecto proposto.

Desta forma, teranse en conta os seguintes ítems:

- Participación na asignatura.
- Investigación e evolución.
- Búsqueda, adaptación, transformación e creación das ferramentas.
- Adecuación á etapa educativa correspondente e do proceso metodolóxico.
- Creatividade como resolución de problemas.

O alumnado con dispensa académica, será avaliado mediante una proposta de corte teórica baseada na bibliografía facilitada polo equipo docente.

Plaxio: aplícase o artigo 14.4 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

#### Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Álvarez Rodríguez, M. D., Bellido Márquez, M. D. C., &amp; Atencia Barrero, P. (2019). Enseñanza artística mediante TIC en la Educación Secundaria Obligatoria?: análisis de herramientas docentes en línea.. RED. Revista de Educación a Distancia</li><li>- Lugh, G. (2014). Digital Media and Contemporay Art.. Mimesis Journal. Scritture Della Performance</li><li>- Capasso, V., &amp; Jean, M. J. (2013). LAS TIC EN LAS PROPUESTAS DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA Una reflexión desde la Cultura Visual Contemporánea.. Question</li><li>- Editorial (2017). The Serious Relationship of Art and Technology . Widewalls. <a href="https://www.widewalls.ch/magazine/the-serious-relationship-of-art-and-technology">https://www.widewalls.ch/magazine/the-serious-relationship-of-art-and-technology</a></li></ul> <p>Plataformas web de comunicación educativa. Decretos curriculares das materias da especialidade. Programacións didácticas de departamentos de artes.</p>
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

##### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño curricular e didáctica das artes plásticas e visuais/652611B21

##### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

##### Materias que continúan o temario

##### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías